



## **EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 16/12/2014**



2. Mocións .....	3
2.1 09/MOC-000103 (0031123) .....	3
(0031123) Entrada da iniciativa.....	4
(0031356) Emendas dos grupos parlamentarios .....	7
(0031375) Emendas dos grupos parlamentarios .....	8
(0031387) Emendas dos grupos parlamentarios .....	9
2.3 09/MOC-000105 (0031139) .....	10
(0031139) Entrada da iniciativa.....	11
(0031363) Emendas dos grupos parlamentarios .....	13
3. Proposicións non de lei ante o pleno.....	14
3.1 09/PNP-002145 (0029580) .....	14
(0029580) Entrada da iniciativa.....	15
(0031384) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	25
3.2 09/PNP-002113 (0029255) .....	27
(0029255) Entrada da iniciativa.....	28
(0031364) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	32
(0031373) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	33
3.3 09/PNP-002140 (0029543) .....	34
(0029543) Entrada da iniciativa.....	35
(0031365) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	38
(0031371) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	39
(0031383) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	40
3.4 09/PNP-002187 (0030285) .....	42
(0030285) Entrada da iniciativa.....	43
(0031366) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	46
(0031376) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	47
(0031382) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	49
(0031385) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	50
3.5 09/PNP-002210 (0030375) .....	52
(0030375) Inicio por reformulación.....	53
(0031380) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	57
3.6 09/PNP-002216 (0030604) .....	59
(0030604) Entrada da iniciativa.....	60
(0031381) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	65
3.7 09/PNP-002222 (0030671) .....	67
(0030671) Entrada da iniciativa.....	68
(0031367) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	71
(0031374) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	73
3.8 09/PNP-002231 (0030726) .....	75
(0030726) Entrada da iniciativa.....	76
(0031370) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	79
(0031386) Emendas dos Grupos Parlamentarios .....	81



## 2. MOCIÓN.

### 2.1 09/MOC-000103 (0031123)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - José Javier Ron Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co crecemento das desigualdades en Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 27221, publicada no BOPG nº 342, do 17.09.2014, e debatida na sesión plenaria do 02.12.2014)



(0031123) Entrada da iniciativa



#### Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda por iniciativa de seu deputado Xabier Ron Fernández, a través da súa voceira, e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 2 de decembro de 2014, sobre o crecemento das desigualdades en Galicia (09/INT-001000, nº 27221)

#### MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

- 1) Rebaixar o mínimo exento do imposto sobre o patrimonio ate os 300.000 euros, sen contar a vivenda habitual, e incrementar os tramos do gravame entre o 0,4 e o 3,8.
  
  
  
- 2) Incrementar os tipos impositivos nos tramos más altos da tarifa autonómica e aplicar unha minoración selectiva e ponderada sen afectación do principio de equidade e redistribución do actual nivel de beneficios fiscais previstos nos orzamentos para o 2015 no Imposto de sucesións e doazóns, así como no Imposto sobre Transmisións e Actos Xurídicos Documentados.



3) Instar ao goberno do Estado a que baixe o IVE dos produtos de primeira necesidade, e os derivados das actividades culturais.

4) Dotar dos recursos humanos e económicos necesarios para que a Axencia Tributaria de Galicia inspeccione o patrimonio das grandes fortunas e loite contra a fraude fiscal.

5) Instar ao goberno do Estado a que proceda a un progresivo incremento do salario mínimo interprofesional para que se achegue ao de países como Francia, Bélgica ou Irlanda, e en todo caso, non sexa inferior aos 1.000 euros.

6) Incrementar a contía da Renda de Inserción Social de Galicia de tal forma que sexa equivalente ao Salario Mínimo Interprofesional e que se supriman os requisitos burocráticos que impiden que persoas migrantes residentes no noso país podan ser beneficiarias da RISGA e que o pagamento da prestación sexa inmediato.

7) Establecer programas concretos para atender a poboación en situación de emerxencia e con risco de exclusión social: erradicar a pobreza infantil.

Compostela, 5 de decembro de 2014

Xabier Ron Fernández

Yolanda Díaz Pérez



**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 05/12/2014 12:37:26**

**Yolanda Díaz Pérez na data 05/12/2014 12:37:33**



## (0031356) Emendas dos grupos parlamentarios

**GRUPO MIXTO**

PARLAMENTO DE GALICIA

**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/12/2014 11:24**  
**Nº Rexistro: 31356**  
Data envío: 15/12/2014 11:24:17,72

### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través da súa deputada e vicecoiceira, **Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Moción do G. P. de AGE 31123 Expte. nº 09/MOC-000103**, incluída na orde do dia do **Pleno**, que se celebrará o vindeiro 16 de decembro.

#### **EMENDA DE ADICIÓN:**

Engádese un novo punto co seguinte texto:

8.- Instar ao Consello Galego de Relacións Laborais a abrir unha mesa de diálogo entre a representación patronal e sindicatos más representativos para acordar a mellora progresiva dos salarios galegos ata acadar a media estatal, garantindo no mesmo período a igualdade salarial entre homes e mulleres.

Pazo do Parlamento a luns, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Consuelo Martínez García  
Deputada e vicecoiceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 15/12/2014 11:23:17**

1





## (0031375) Emendas dos grupos parlamentarios

Grupo Parlamentario



### Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, **Carmen Gallego Calvar**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Moción do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co crecemento das desigualdades en Galicia (09/MOC-000103, doc. núm. 31123)

#### Emenda de adición

Débese engadir un novo punto á parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“7 bis) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dotar orzamentariamente a partida da Risga de xeito que todas as familias nas que non entra ningún ingreso poidan ter acceso a esta prestación.”

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Carmen Gallego Calvar  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

#### Asinado dixitalmente por:

**Carmen Gallego Calvar na data 15/12/2014 16:25:24**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/12/2014 16:25:33**



## (0031387) Emendas dos grupos parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **31123**, do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co crecemento das desigualdades en Galiza, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 16 de decembro.

#### Emenda de adición:

Engadir o seguinte punto:

“1. Establecer as medidas necesarias para erradicar a pobreza enerxética de Galiza.”

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**  
Portavoz s. do G.P. do BNG

#### **Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 15/12/2014 16:49:28**



### **2.3 09/MOC-000105 (0031139)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Tereixa Paz Franco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a recuperación e o aproveitamento da superficie agraria, así como o incremento da base territorial das explotacións. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 29569, publicada no BOPG nº 369, do 06.11.2014, e debatida na sesión plenaria do 02.12.2014)



## (0031139) Entrada da iniciativa



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da súa deputada M<sup>a</sup> Tereixa Paz Franco, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 3 de decembro, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a recuperación e o aproveitamento da superficie agraria, así como o incremento da base territorial das explotacións (doc. núm 29569).

### Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a realizar as seguintes actuacións en relación coa posta en valor e mobilización da superficie agraria actualmente abandonada ou infrautilizada:

1.- En relación co Banco de Terras incrementar os medios humanos e materiais dos que dispón para axilizar o seu funcionamento de cara a lograr a incorporación durante o ano 2015 de 15.000 hectáreas ao Banco de Terras e a transferencia da metade a explotacións agrarias no mesmo período.

2.- En relación coas concentracións parcelarias que no prazo de tres meses se remita un informe a este Parlamento que conteña a relación de concentracións decretadas e non rematadas, a valoración do seu interese agrogandeiro, dos investimentos necesarios para o seu remate e os prazos previstos e consignacións orzamentarios para o seu remate.

3.- En relación co Contacto de Explotación Sustentábel que no Plano de Desenvolvemento Rural 2013/2020 se inclúa algún programa que teña as orientacións,



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/12/2014 11:44  
No Rexistro: 31139**  
Data envío: 09/12/2014 11:44:45.007



características, requerimentos e obxectivos que no anterior período tiña o CES e que se reserve para esta liña unha consginación orzamentaria no entorno de 50 millóns de euros anuais.”

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2014

**Asdo. M<sup>a</sup> Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 09/12/2014 11:43:09**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 09/12/2014 11:43:16**



## (0031363) Emendas dos grupos parlamentarios

**GRUPO MIXTO**

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/12/2014 11:48  
**No Rexistro: 31363**  
Data envío: 15/12/2014 11:48:46,992

### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través da súa deputada e vicecoxeira, **Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Moción do G. P. de BNG 31139 Expte. nº 09/MOC-000105**, incluída na orde do dia do **Pleno**, que se celebrará o vindeiro 16 de decembro.

#### **EMENDA DE ADICIÓN:**

Engádese un novo punto co seguinte texto:

4.- En relación coa inminente desaparición das cotas lácteas que no Plano de Desenvolvemento Rural 2013/2020 se inclúa un programa que teña por obxectivo a recuperación de explotacións leiteiras orientadas ao modelo tradicional de producción baseado fundamentalmente na produción propia de alimentos para o gando.

Pazo do Parlamento a luns, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Consuelo Martínez García  
Deputada e vicecoxeira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 15/12/2014 11:48:25**

1





### **3. PROPOSICIÓNNS NON DE LEI ANTE O PLENO.**

#### **3.1 09/PNP-002145 (0029580)**

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - Xosé Manuel Beiras Torrado

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de tarifa do sector eléctrico



(0029580) Entrada da iniciativa



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, a iniciativa do seu portavoz Xose Manuel Beiras Torrado, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa ao déficit de tarifa do sector eléctrico.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O aumento continuado dos prezos da electricidade, a excesiva complexidade do sistema eléctrico en España, o monopolio empresarial de tal sistema e a responsabilidade atribuída ás enerxías renovábeis do déficit de tarifa, así como o gran potencial de Galiza para a produción eléctrica descentralizada, son algúns dos argumentos que respaldan a necesidade imperiosa de cambio de modelo enerxético, que contemple a democratización da enerxía frente ao monopolio abusivo das grandes empresas eléctricas:

1.- A Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico, confire a empresas xeneradoras, distribuidoras e comercializadoras a potestade de organizar o sistema eléctrico en España, ao ser nexo de dúas partes claramente diferenciadas (figura 1):

a) mercado Pool ou mercado de produción de enerxía eléctrica, no que os axentes participantes negocian contratacóns de produción de enerxía, en base á oferta e á demanda. Participan os tres grandes grupos de produción eléctrica en España (Gas Natural-Unión Fenosa, Iberdrola e Endesa), xunto co Operador de Mercado aos niveis ibérico e español (OMIE-OMEL), Red Eléctrica de España (REE) e outros axentes residuais.

b) sistema de contratación por parte dos consumidores do suministro de enerxía eléctrica, de forma que as tres empresas principais (Gas Natural-Unión Fenosa,



Asdo.: Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**


**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 30/10/2014 10:06:24**



Iberdrola e Endesa) proporcionan á rede eléctrica a enerxía (comprada no mercado Pool) que en cada momento será necesaria para a demanda eléctrica final. Forma parte tamén REE e outros axentes residuais.

.....

Figura 1. Esquema de relacións contractuais e enerxéticas do Sistema Eléctrico Español



Fonte: Elaboración propia a partir de MINETUR (2013).

.....



Compre destacar o labor de dous axentes controladores con exclusividade na súa xestión, para garantir a legalidade de funcionamento do mercado de producción de enerxía eléctrica (Operador del Mercado, OMIE-OMEL) e o control e subsanación de restriccións do sistema de redes de distribución e transporte (Operador del Sistema-REE).

2.- Tampouco debe esquecerse que a Ley 24/2013, de 26 de diciembre, del Sector Eléctrico incide na importancia de que estas empresas deben estar xestionadas de forma independiente, diferenciando entre:

- a) actividades reguladas (distribución, transporte e suministros de electricidade regulados): vinculadas a obxetivos sociais non ligados directamente á obtención de beneficios empresariais, como pode ser a disminución da pobreza enerxética ou a garantía de suministro de enerxía eléctrica a todos os puntos do país sin ter en conta a dispersión xeográfica, e de garantir unha concurrencia competitiva no mercado
- b) actividades liberalizadas (xeneración e comercialización): sometidas ao funcionamento puro de mercado.

Segundo a lei, un mesmo axente non pode simultaneas unha actividade liberalizada e unha actividade regulada; por exemplo, unha mesma empresa non podería xerar electricidade e distribuila. En resumo, implicaría ilexitimidade o feito de que unha mesma empresa exercitara máis dunha actividade de xeneración, distribución e/ou comercialización simultaneamente. Pero a realidade está en que esta esixencia só recae sobre unha empresa, non sobre un grupo empresarial, de forma que sigue a ser real a concentración de actividades e o carácter monopolístico e de control no sistema eléctrico.



3.- Esta estrutura favorece en si mesma a aparición e consolidación do déficit de tarifa. Enténdese por déficit de tarifa o desaxuste de ingresos das actividades reguladas cos costes imputados por lei ás actividades do sistema eléctrico en España. Este desaxuste acumulativo no tempo, orixínase porque os ingresos ligados ás peaxes de acceso (ingresos considerados por lei que deben pagar os usuarios da rede de transporte e distribución) non son suficientes para cubrir os costes considerados tamén por lei, e que poden estar directamente ligados ás actividades reguladas.

Os grupos empresariais eléctricos perciben unha doble remuneración dun mesmo concepto ou partida de custe, que é a actividade de distribución:

1º) a legislación vixente recoñece un ingreso por parte das empresas que levan a cabo actividades reguladas, ingreso vinculado á actividade de distribución, considerando a priori que a realización destas actividades conleva assumir maiores costes para a empresa, e deberían terse en conta como posible causa do déficit de tarifa.

2º) este custe de distribución trasládase á factura eléctrica do consumidor final, en base ao contrato asinado, e as eléctricas cobran dito concepto, que está sendo remunerado dúas veces.

A partir da análise dos resultados económicos dos tres grandes grupos empresariais do sector eléctrico en España, dos datos do Mercado Pool en base ao prezo da enerxía nas franxas horarias da subasta, e os costes do sistema eléctrico, e tendo en conta a normativa aplicábel en España, pode establecerse que o custe único do sector estaría formado pola componente empresarial do custe e tamén pola obriga de remuneración directa ás empresas por prestar o servizo no sector eléctrico en España, mais outros custos fixados (moratoria nuclear, primas renovables, cuotas de destino específico, etc).



O Coste Único global para o sector eléctrico estaría formado tanto polo coste que deriva da actividade empresarial das empresas do sistema (o Coste empresarial único unitario,CEUU), como polos costes ligados á actividade regulada ou costes imputados ao sistema por lei (o Coste regulado único unitario, CRUU). Pode comprobase como o CEUU ten unha maior proporción, en xeral, e que no CRUU, a partida de actividades reguladas (costes de retribucións directas ás empresas e de déficits anteriores, ou costes das actividades reguladas) é a partida de maior impacto no coste (táboa 1).

A partida de Costes das retribucións directas a empresas non se xustifica, porque os costes empresariais que supuestamente remuneran xa están incluidos. Non debe esquecerse que esta componente empresarial do coste móstrase constantemente como causa xustificativa para o incremento continuado do prezo da electricidade. Dentro da componente regulada, a partida de remuneración directa ás empresas é a razón que xustifica, segundo os datos manexados, a existencia do déficit de tarifa. É unha actividade regulada, doblemente remunerada que aumenta o coste da parte regulada.

.....



Táboa 1. Resultados da valoración do Coste Único do Sector Eléctrico

	Empresa	2013	2012	2011
<b>Coste único empresarial</b>	Endesa	96,83742247	101,6306986	93,32573042
	Unión Fenosa	73,87370361	70,85758634	63,486418
	Iberdrola	81,97267822	88,2239779	89,02918271
	<b>Coste aritmético mercado (CEUU)</b>	84,22793477	86,90408763	81,94711038
	Variación Coste a Mercado	-3,0794%	6,0490%	..
<b>*Energía</b>				
	<b>Bruta</b>	<b>Energía Neta</b>	<b>Energía Neta</b>	
<b>Coste único regulado</b>	Cuotas expresadas por ley	1,962672038	2,027129899	4,508019461
	Cuotas especiales (Primas y otras)	25,54189317	35,13886057	28,10653301
	Costes retribuciones y Déficits anteriores	46,38893041	46,64062157	33,39795916
	Otros costes	1,150613344	-0,13131163	-1,34007678
	<b>Costes regulados (CRUU)</b>	72,74288227	83,67530042	64,67243484
	Variación Coste Regulado	-13,065287%	44,002181%	..
	<b>Consolidación costes (CAUU)</b>	<b>156,970817</b>	<b>170,579388</b>	<b>146,6195452</b>
	<b>Proporciones</b>			
	Componente empresarial	53,6583%	50,9464%	55,8910%
	Componente regulada	46,3417%	49,0536%	44,1090%

Fonte: Elaboración propia a partir de Minetur (2013), contas anuais de Gas Natural Unión Fenosa, Iberdrola e Endesa, e datos de funcionamento do Mercado Pool.

.....

4.- Por outra parte, as Cuotas especiales, nas que se incluen as primas ás enerxías renovables, están cubertas polos ingresos brutos considerados por lei (peaxes de acceso) para a financiación do coste regulado, polo que partindo da prelación implícitamente existente nas liquidacións, non se xustifica a aparición do déficit de tarifa por este concepto (figura 2). Ainda que acaparan unha parte dos ingresos que poderían cubrir as demais partidas, desde un punto de vista económico, enerxético, produtivo, social e lexislativo, tamén debe valorarse a importancia na reducción de danos medioambientais, de redución da dependencia enerxética e dun aproveitamento en costes deste tipo de enerxías, configurando



un novo modelo enerxético e produtivo en base a enerxías menos contaminantes e sostenibles no tempo. A pesares das críticas, os tres grandes grupos enerxéticos son os beneficiarios de ditas primas, fundamentalmente.

.....  
Figura 2. Liquidación de ingresos/gastos no sector eléctrico e aparición do déficit de tarifa.

CONCEPTO	Liquidación nº 14/2013 GWh	Liq. miles €	GWh
Ingresos por facturación de tarifas de acceso	239.676	13.889.938	24
Ingresos por facturación de tarifas de acceso de productores de energía	270.532	137.497	25
Ingresos facturados por Orden ITC/1659/2009		34.219	
<b>TOTAL INGRESOS BRUTOS</b>	<b>239.676</b>	<b>14.061.662</b>	<b>24</b>
<b>CUOTAS</b>		<b>372.158</b>	
Compensación insulares y extraíspañenisulares		0	
Operador del Sistema		0	
Operador del Mercado		0	
Tasa de la Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia		20.078	
Moratoria nuclear (sobre los ingresos regulados)		71.553	
Fondo para la financiación de actividad. Plan General Residuos Restitutivos		133	
Paseo para recuperar el déficit de ingresos generado en el 2005		280.398	
Cuota compensación por IVA y ret. especial		0	
<b>TOTAL INGRESOS NETOS</b>		<b>13.689.494</b>	
Regularización ejercicios anteriores a 2010 (Cuadro 1)		-11.208	
Corrección de Medidas		16.385	
Prima régimen especial		8.200.778	
Ingresos por la Ley 15/2012		-2.615.722	
Ingresos por subastas de CO2		-373.178	
<b>INGRESOS LIQUIDACION ACTIVIDADES REGULADAS</b>		<b>7.473.537</b>	
Transporte		1.804.385	
Distribución y Gestión Comercial		4.692.361	
Distribución DTEI		534.341	
Calidad del servicio		74.304	
Riesgo social		200.898	
Estimación subvenciones SIEE 2011		0	
Dessubste. ingresos revisión generación insular y extraísp		1	
Compensación insular y extraíspañenisular		1.806.000	
Dessubste. de ingresos año 2006		0	
Dessubste. de ingresos año 2008		0	
Dessubste. de ingresos año 2009		0	
Dessubste. de ingresos año 2010		85.402	
Dessubste. de ingresos año 2011		28.323	
Dessubste. de ingresos año 2012		256.849	
Dessubste temporal de ingresos año 2011		0	
Ajustes/estad. 2º subasta déficit ex ante		58.435	
Anualidad FADE		1.840.035	
Sistemas de interconexión en mercados		677.343	
Introducción de la diferencia de precios		123.941	
Déficit (+) o superávit (-) del sistema de pagos por capacidad		-609.493	
Diferencias		3.818.639	
Excedente del Fondo de Titulación		901.108	
Intereses cuenta depósito CNMC		7.241	
Saldo CNMC		3.478	
Fondo resto calidad servicio 2008		18.000	
Pago OMIE CESUR		-150	
Devolución Bono Social		-320.617	
OIS Diferencia Retribución-Recaudación		-2.505	
OMIE Diferencia Retribución-Recaudación		179	
Diferencias definitiva 2008		-74.999	
Aplicación Santander Bono Social		0	
Dessub. Compensación Insulares y Extraísp		0	
Fondo Compensación Definitiva SIEE 2010		0	
Fondo Riesgo Gestión Demanda 2009		0	
Fondo Riesgo Calidad Servicio 2007		0	
Saldo RAE a 31/12/2011		0	
Déficit / Superávit		-3.187.873	



Fonte: Elaboración propia a partir de CNMC (2014b)

.....

5.- Debe terse en consideración o establecido ao abeiro da Directiva 2009/72 para el sector Eléctrico da U.E. na que se fai referencia de forma clara ás seguintes variábeis:

- a) Priorización das enerxías renovábeis fronte ás enerxías non- renovábeis.
- b) Liberdade de mercado, e libre establecemento para produtores
- c) Condisionalidade dos mecanismos distorsionadores do libre mercado (primas ou axudas) á previa ineficacia do mercado libre para alcanzar os obxectivos propostos.
- d) Prioridade das plantas de producción de pequeno tamaño e de "xeración distribuída".
- e) Acceso universal ás redes de distribución e transporte.
- f) Transparencia nos procesos de asignación de axudas.

6.- Por todo o devandito, pode concluirse que a orixe primordial do déficit de tarifa está nas remuneracións directas ás empresas, non xustificadas pola complexidade da súa operativa, cando a propia lei mostra unha contradición ao establecer simplificación neste eido, mentras potencia en troques o desfase en custo, ao autorizar unha doble remuneración dos costes empresariais.

Polo exposto o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:



O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia:

1. A promover perante o poder central do Estado a urgente reforma lexislativa que elimine a actual actuación fraudulenta na estipulación e repercusión do déficit de tarifa e por conseguinte no prezo da electricidade.
2. A facer uso, coas mesmas finalidades enunciadas no punto anterior, das competencias atribuídas polo Estatuto de Autonomía de Galiza nos artigos 27.12, 13 e 30; 28.3 e 30.2 e 7.
3. A elaborar unha diagnose real das necesidades enerxéticas de Galiza, de forma que se reduza a dependencia enerxética e tamén a factura enerxética que se está a soportar, e a promover análoga actuación a nivel do Estado, como xa se fixo previamente noutros países da Unión Europea.
4. A que esixa ao poder central do Estado a aplicación do disposto na directiva europea D2009/72CE, coa plena e efectiva separación das actividades de producción, distribución e comercialización, e invalidando as separacións que se operen entre empresas dentro dun mesmo grupo empresarial, e máis exercendo con ese fin, se compre, a potestade contemplada na devandita directiva europea para a enaxenación directa ou o fraccionamento das empresas ou grupos empresariais.
5. A establecer un procedemento de tramitación simplificada de autorizacións para produtores de pequena potencia, conforme ao disposto no artigo 7.3 da D2009/72CE, aplicábel especialmente ao autoconsumo e á xeneración distribuída, feito que poría fin a actual situación monopolística no sector eléctrico español.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2014.



## (0031384) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**BNG**  
OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp.bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **María do Carme Adán Villamarín**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **29580**, do Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de tarifa no sector eléctrico, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 16 de decembro.

#### Emenda de adición:

Engadir o seguinte punto:

“1. O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do Estado para iniciar unha modificación do sistema de Pool por outro de recoñecemento de custes segundo o sistema de producción eléctrica. Asemade, asumirase por parte dos Orzamentos do Estado as partidas que conforman as peaxes e non teñen relación directa coa xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica. Por último, establecerase un diálogo co Goberno do Estado para o recoñecemento de Galiza como excedentaria na producción eléctrica co obxectivo de termos unha tarifa eléctrica propia.”

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2014

Asdo.: **María do Carme Adán Villamarín**

Portavoz s. do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/12/2014 18:06  
**No Rexistro: 31384**  
Data envío: 15/12/2014 18:06:56.855



**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 15/12/2014 16:51:13**



### **3.2 09/PNP-002113 (0029255)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María do Carme Adán Villamarín

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Francisco Xesús Jorquera Caselas

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Cosme Eladio Pombo Rodríguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a paralización dos procesos de execución hipotecaria en curso, a procura polas entidades financeiras de solucións negociadas e compartidas e a devolución ás familias das cantidades indebidamente cobradas, así como a aplicación dunha quitación no importe das hipotecas



## (0029255) Entrada da iniciativa



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa dos deputados **Cosme Pombo Rodríguez** e **Francisco Xesús Jorquera Caselas** e das deputadas **María do Carme Adán Villamarín** e **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade dun compromiso activo para evitar os desafiuazamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos/as os/as cidadáns/ás a unha vivenda digna.

A crise económica e as súas dramáticas consecuencias sociais está provocando que moitos cidadáns no noso país non poidan ver garantido na práctica o dereito a unha vivenda digna.

Desde o comezo da crise económica miles de cidadáns que accederon a unha vivenda a través de préstamos hipotecarios, están atravesando unha delicada situación que lles impide fazer fronte ao vencemento dos créditos, véndose abocados a perder a súa vivenda.

Para facer fronte a este grave problema social é imprescindíbel que a Xunta de Galiza teña un compromiso activo para evitar os desafiuazamentos e para asegurar a efectividade do dereito de todos/as os/as cidadáns/ás a unha vivenda digna.

Lamentabelmente, a situación de debilidade e desamparo das persoas afectadas polas ameazas de execución hipotecaria, contrasta coas inmensas cantidades de diñeiro público concedido ás entidades financeiros, coa finalidade de contribuír ao seu saneamento e para que estas sigan cumplindo a súa función na economía.



Ao mesmo tempo que a cidadanía é sacrificada en aras de sanear ás entidades financeiras estamos vendo como estas mesmas entidades (mesmo incumprindo a Directiva europea sobre o particular) están actuando de forma despiadada coas persoas que como consecuencia dos cambios na súa situación persoal e laboral non poden fazer fronte ao pago das súas hipotecas.

Boa mostra do dito é a carta recibida no Grupo Parlamentar do BNG no que unha familia nos conta:

Que o 16 de outubro recibiu do xulgado de Ponteareas a execución hipotecaria da súa vivenda; que lle dan 30 días para pagar a débeda que teñen coa entidade bancaria ou quedarán sen casa.

Que a súa situación (muller e marido) é como a de moitos cidadáns:

Ficaron sen traballo no 2012, neste intre non poden fazer fronte á hipoteca por atopárense no paro mais, no caso de que a entidade financeira (*"Abanca"*) devolvese o cobrado de más en concepto de cláusulas solo (por *"Cláusulas Solo"* pagaron sobre 400 Euros mensuais durante 4 anos), poderían pagar a débeda de 18.000 €.

Manifestan atoparse desesperados por non poder pagar e porque o seu banco négase a negociar con eles, se non pagan a débeda que lle reclaman.

Manífestanse decepcionados de ver como se rescatan aos Bancos con fondos públicos e pregúntanse:

*Por qué non hai quien obrigue á "Abanca" a devolver ás familias o diñeiro cobrado de más, en todos estes anos que incumpriron a Directiva Europea sobre os Créditos hipotecario.?*

Por qué non hai quien rescate ás familias?



... carta que poderían ter escrito miles de persoas que perderon, ou están a piques de perder, a súa vivenda sen que por parte das entidades financeiras se buscase ningún tipo de alternativa para evitar que moitas destas persoas ficasen literalmente na rúa.

Para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego resulta inasumíbel que ao tempo que se están empregando os cartos públicos, para sanear ás entidades financeiras, segue habendo centos de familias galegas (en situación de debilidade extrema) que son ameazadas por esas entidades financeira cunha execución hipotecaria inxusta e ilegal que supoñerá a perda do dereito a unha vivenda digna para as mesmas.

O Grupo Parlamentar do BNG entende que a Xunta de Galiza deberá ser a primeira interesada en parar a tremenda inxustiza que supón os miles de desafiuizamentos executados ou que se pretendan executar (moitos deles incumprindo a legalidade).

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1º.- Solicitar do Goberno do Estado a paralización de todos os procedementos de execución hipotecaria en curso?

2º.- Reclamar das entidades financeiras a procura de solucións negociadas e compartidas coas familias que teñen problemas para afrontar a hipoteca?

3º.- Reclamar das entidades financeiras que operan na Galiza, a devolución do cobrado ilexitimamente, en concepto de cláusulas solo abusivas, ás familias hipotecadas?



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/10/2014 13:13  
No Rexistro: 29255**



4º.-Reclamar das entidades financeiras unha quita no importe das hipotecas, que teña en conta a responsabilidade das entidades financeiras na sobrevaloración das vivendas no período da burbuila inmobiliaria, e as axudas públicas que recibiron para sanealas para buscar solucións negociadas e compartir os problemas das hipotecas abusivas entre as dúas partes afectadas?"

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2014

**Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**María do Carme Adán Villamarín**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 20/10/2014 13:02:11**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 20/10/2014 13:02:17**

**María do Carme Adán Villamarín na data 20/10/2014 13:02:22**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 20/10/2014 13:02:26**



## (0031364) Emendas dos Grupos Parlamentarios

**GRUPO MIXTO**

PARLAMENTO DE GALICIA



### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través da súa deputada e vicecoiceira, **Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do G. P. de BNG 29255 Expte. nº 09/PNP-002113**, incluída na orde do dia do **Pleno**, que se celebrará o vindeiro 16 de decembro.

#### **EMENDA DE ADICIÓN:**

Engádese un novo punto co seguinte texto:

5.- Negociar coas entidades financeiras a posta a disposición da Xunta das vivendas procedentes de desafiuamentos para o seu aluguer social.

Pazo do Parlamento a luns, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Consuelo Martínez García  
Deputada e vicecoiceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 15/12/2014 11:55:34**

1





## (0031373) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/12/2014 16:30  
Nº Rexistro: 31373  
Data envío: 15/12/2014 14:12:50.968



Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Antonio Sánchez Bugallo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a paralización dos procesos de execución hipotecaria en curso, a procura polas entidades financeiras de solucións negociadas e compartidas e a devolución ás familias das cantidades indebidamente cobradas, así como a aplicación dunha quitación no importe das hipotecas (doc. núm. 29255).

### Emenda de Adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 4 bis, que terá o seguinte contido:

4º bis. O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que con recursos propios e/ou do convenio subscrito co Ministerio de Fomento no marco do Plan nacional de vivenda 2013-2016, poña en marcha un plan específico de realoxo de familias afectadas polo desafiuamento da súa vivenda habitual, de cuxo contido e desenvolvemento darase conta a esta Cámara.

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 15/12/2014 14:09:00**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/12/2014 14:09:19**



### 3.3 09/PNP-002140 (0029543)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Angel Tellado Filgueira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Francisco Santos Regueiro  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Cristina Isabel Romero Fernández  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Berta Pérez Hernández  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Hipólito Fariñas Sobrino  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Pedro Manuel Arias Veira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Paula Prado del Río  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Moisés Blanco Paradelo

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar nas emerxencias a coordinación entre as entidades dependentes da Administración autonómica e local



(0029543) Entrada da iniciativa



### A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Paula Prado del Río, Pedro Arias Veira, Hipólito Fariñas Sobrino, Berta Pérez Hernández, Cristina Romero Fernández, Francisco Santos Regueiro, Miguel Tellado Filgueira e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Coa creación da rede de Emerxencias e Seguridade a Xunta dispoñerá dun sistema que permitirá intercomunicacións inmediatas entre os distintos operativos de emerxencias de Galicia, mellorando as accións de coordinación entre eles, e substituirá os actuais sistemas analóxicos por sistemas dixitais, de acordo coa normativa recomendada a nivel europeo.

A principal vantage dunha rede de emerxencias e seguridade é que se garante en todo momento a comunicación entre todos os organismos que acometen este tipo de situacóns, evitando situacóns de conxestión, saturación, colapso, etc., tan habituais nas redes de telefonía móvil convencional en situacóns de grande aglomeración de persoas ou en situacóns de emerxencias.

Ademais, a diferenza dos sistemas convencionais, como poden ser os teléfonos móbiles, poderanse realizar chamadas en grupo, tanto dentro dunha mesma organización, como entre dispositivos de distintas organizacións que nun momento dado poidan estar traballando convxuntamente nunha mesma emerxencia.





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/10/2014 11:30  
**No Rexistru: 29543**  
Data envío: 29/10/2014 11:30:33.219

Así mesmo, o establecemento das chamadas é praticamente instantáneo, sen ter que marcar ningún número nin agardar establecemento de chamadas. Estas funcionalidades redundan nunha coordinación moito más áxil e efectiva en situacións nas que, pola natureza da urxencia, o tempo é un factor de máxima importancia.

Para conseguir unha óptima coordinación dos distintos corpos participantes en tarefas de emerxencias esta rede poderá poñerse a disposición de outros organismos ou entidades que deben ser coordinadas ante situacións de emergencia como: poden ser consorcios de bombeiros, deputacións ou concellos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a por a disposición doutras administracións a rede de emerxencias e seguridade de Galicia, co obxectivo de mellorar a coordinación nas emerxencias, onde en moitas ocasións é precisa unha adecuada coordinación entre entidades dependentes da administración autonómica e local (deputacións, concellos, consorcios de bombeiros, etc.)”.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 29/10/2014 11:27:06**

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Horco, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
gp-puy@parlamento.degalicia.es  
www.prdgalicia.org



**Moisés Blanco Paradelo na data 29/10/2014 11:27:18**

**Paula Prado del Río na data 29/10/2014 11:27:26**

**Pedro Manuel Arias Veira na data 29/10/2014 11:27:34**

**Hipólito Fariñas Sobrino na data 29/10/2014 11:27:43**

**Berta Pérez Hernández na data 29/10/2014 11:27:51**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 29/10/2014 11:27:59**

**Jose Francisco Santos Regueiro na data 29/10/2014 11:28:08**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/10/2014 11:28:17**

**Gonzalo Trenor Lopez na data 29/10/2014 11:28:25**





## (0031365) Emendas dos Grupos Parlamentarios

**GRUPO MIXTO**

PARLAMENTO DE GALICIA

**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/12/2014 12:07**  
**No Rexistre: 31365**  
Data envío: 15/12/2014 12:07:25.779

### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través da súa deputada e vicecoiceira, **Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición á Proposición non de lei do G. P. de PP 29543 (Expte. nº 09/PNP-002140)**, incluída na orde do dia do **Pleno**, que se celebrará o vindeiro 16 de decembro.

#### **EMENDA DE ADICIÓN:**

Engádese o seguinte texto:

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- 1º .- Restituir o Sistema de Xestión Remota do Centro de Atención de Emerxencias 112 de Galiza que conectaba os equipos de emergencia.
- 2º .- Rescatar para a xestión pública directa os servizos de emergencias en colaboración coas administracións competentes.
- 3º .- Crear un Estatuto do Bombeiro Profesional.

Pazo do Parlamento a luns, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Consuelo Martínez García

Deputada e vicecoiceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 15/12/2014 12:06:58**

1





## (0031371) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario



### Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa da súa deputada, Beatriz Sestayo Doce, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar nas emergencias a coordinación entre as entidades dependentes da Administración autonómica e local (doc. núm. 29543).

#### Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que cumpra integralmente a Lei de emergencias, mellorando a coordinación dos distintos sistemas operativos, garantindo a súa profesionalidade, a dotación óptima de medios persoais e materiais, a eficacia do mando único e a mellora do sistema central de comunicación e o desenvolvemento do Estatuto do bombeiro.

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2014

#### **Asinado dixitalmente por:**

**Beatriz Sestayo Doce na data 15/12/2014 14:10:12**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/12/2014 14:10:25**



## (0031383) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **29543**, do Grupo Parlamentar Popular de Galiza, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar nas emerxencias a coordinación entre as entidades dependentes da Administración autonómica e local, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar os vindeiros 16 e 17 de decembro.

#### Emenda de modificación:

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a levar adiante as seguintes medidas para mellorar a coordinación e efectividade do dispositivo de emerxencias de Galiza, así como asegurar a igualdade de todos os e as galegas na prestación do servizo e no seu custe:

1. Elaborar e remitir á Cámara, nun prazo de tres meses, un plan para iniciar o procedemento para o **rescate e recuperación** para a prestación directa pola administración pública dos **servizos de emerxencia** actualmente privatizados, que inclúa a incorporación á xestión pública do Servizo de Salvamento Marítimo, os Consorcios provinciais contra incendios e salvamento, os parques comarcais de bombeiros e o centro de coordinación 112.
- 2.- Desenvolver as disposicións contidas na lei 5/2007, de emerxencias de Galiza antes da finalización do seguinte período de sesións, no que atinxe á disposición adicional



terceira, alínea 3, referida á promoción da elaboración dun regulamento do bombeiro profesional e do voluntariado.

3.- Potenciar o papel do CAE 112 como elemento coordinador dos distintos axentes que interveñen nas emergencias, mediante a implementación de novas aplicacións para a mobilización de recursos e a consolidación dos sistemas de videoconferencia, o desenvolvemento e mellora continua da aplicación de xestión “en remoto” da resposta ás emergencias e a utilización de dispositivos móbiles con transmisión inmediata de imaxes das incidencias co fin de facilitar a toma de decisións de xeito inmediato.”

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2014

**Asdo.: Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 15/12/2014 17:06:11**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/12/2014 17:06:18**



### 3.4 09/PNP-002187 (0030285)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Angel Tellado Filgueira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Javier Dorado Soto  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Íñiguez Martínez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Rosa Oubiña Solla  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Santalices Vieira  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Berta Pérez Hernández  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Pedro Puy Fraga

Sobre o impulso da Xunta de Galicia, ante a Administración competente, dun estudo das vías de recoñecemento e cualificación legal que inclúan, no ámbito laboral e da Seguridade Social, as singulares estruturas e funcións do deporte non profesional, especialmente no caso de figuras como adestradores, técnicos, monitores ou semellantes



## (0030285) Entrada da iniciativa



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas Berta Pérez Hernández, Miguel Ángel Santalices Vieira, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosa Oubiña Solla, Aurelio Alfonso Núñez Centeno, Jaime Íñiguez Martínez, Javier Dorado Soto e Miguel Ángel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei do deporte de Galicia expresamente recoñece o interese público do deporte para a nosa Comunidade Autónoma en atención ás especiais funcións que desempeña na sociedade e, en especial, nos ámbitos da educación, da formación e da cultura, na mellora da saúde pública, no fomento da cohesión social, no desenvolvemento e no respecto polo medio ambiente: artigos 2 e 3 da *Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia*.

Xunto a estas funcionalidades, se algo caracteriza ao feito deportivo é a voluntariedade.

Recoñecida tamén no noso texto normativo (D.A. 1<sup>a</sup>), é reiteradamente apuntada pola propia Unión Europea en toda a súa producción neste ámbito material: dende o Libro Branco do Deporte do 2007 ata as mais recentes publicacións dos Consellos de Ministros do ramo, pasando polo propio art. 165 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, as Institucións Comunitarias expresamente recoñecen unha estrutura do deporte eminentemente baseada no voluntariado, xunto ás súas determinantes funcións sociais e educativas.

Transcendendo estas nocións ao ámbito da realización de servizos e funcións nas entidades deportivas sen ánimo de lucro –piares





esenciais do deporte de base en particular, e do feito deportivo en xeral-, a predominante porcentaxe de actuacións marxinais e en ningún caso constitutivas de medios fundamentais de vida desenvolvidas por adestradores, monitores, técnicos e outras figuras, parecen inclinar a balanza cara a existencia dunha moi importante acción voluntaria. Pero cando elo non é así, cando efectivamente nos atopemos ante auténticas relacóns de carácter laboral, evidentemente deberá procederse ao cumprimento da normativa en vigor nos obxectivos, entre outros, de dignificar as profesións deportivas e de garantir os dereitos dos traballadores destas entidades que, non estado dados de alta na Seguridade Social, se ven privados dos dereitos que lles corresponden pola súa actividade laboral.

Sendo isto así, e neste concreto ámbito das entidades deportivas sen ánimo de lucro, parece facerse necesario estudar posibles alternativas que, cumplindo á legalidade vixente e respectando os dereitos dos traballadores, poidan, no ámbito da laboralidade, contemplar á especial natureza e as peculiares condicións de tempo e lugar das persoas que prestan servizos nestas entidades, podéndose apuntar, a modo de exemplo e entre outras posibles solucións, a procedencia dun réxime especial da Seguridade Social como existen noutros colectivos.

Polo exposto,

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar ante a Administración competente a necesidade de proceder ao estudo de vías de recoñecemento e cualificación legal que contemplan, no ámbito da laboralidade e da Seguridade Social, as especiais estruturas e funcións do deporte non profesional, especialmente no caso de figuras como adestradores, técnicos, monitores ou similares”.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2014





**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 19/11/2014 10:52:22**

**Berta Pérez Hernández na data 19/11/2014 10:52:58**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 19/11/2014 10:53:16**

**Marta Rodríguez Arias na data 19/11/2014 10:53:23**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 19/11/2014 10:53:41**


**Rosa Oubiña Solla na data 19/11/2014 10:54:10**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 19/11/2014 10:54:18**

**Jaime Iñiguez Martínez na data 19/11/2014 10:54:25**

**Javier Dorado Soto na data 19/11/2014 10:55:20**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 19/11/2014 10:55:31**

 **GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA**  
Rúa do Horco, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
[grupopopular@parlamento.galicia.es](mailto:grupopopular@parlamento.galicia.es)  
[www.populgalaica.com](http://www.populgalaica.com)



## (0031366) Emendas dos Grupos Parlamentarios

**GRUPO MIXTO**

PARLAMENTO DE GALICIA

**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/12/2014 12:13**  
**No Rexistre: 31366**  
Data envío: 15/12/2014 12:13:49.094

### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través da súa deputada e vicecoiceira, **Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución** á **Proposición non de lei do G. P. de PP 30285 (Expte. nº 09/PNP-002187)**, incluída na orde do dia do **Pleno**, que se celebrará o vindeiro 16 de decembro.

#### **EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:**

Substitúese o texto orixinal polo seguinte:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a

Instar ao Consello Galego de Relacións Laborais a abrir a negociación entre os sindicatos más representativos e a representación das asociacións deportivas non profesionais para o establecemento dun Convenio Colectivo Sectorial Galego.

Pazo do Parlamento a luns, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Consuelo Martínez García  
Deputada e vicecoiceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

#### **Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 15/12/2014 12:13:32**

1





## (0031376) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Carmen Acuña do Campo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, sobre o impulso da Xunta de Galicia, ante a Administración competente, dun estudo das vías de recoñecemento e cualificación legal que inclúan, no ámbito laboral e da Seguridade Social, as singulares estruturas e funcións do deporte non profesional, especialmente no caso de figuras como adestradores, técnicos, monitores ou semellantes (09/PNP-002187, doc. núm. 30285)

### Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

“1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, reclame do Goberno do Estado:

- a. Un estudio das vías de recoñecemento e cualificación legais que, no ámbito da laboralidade e da Seguridade Social, conteemple as especiais estruturas e funcións do deporte non profesional, especialmente no caso de figuras como adestradores técnicos, monitores ou similares.
- b. Que se deteña e revise o Plan de inspeccións masivas iniciado o 1 de novembro do 2014, aos clubs deportivos ata ter finalizado o estudo solicitado e posto en marcha as conclusións do mesmo.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que de forma inmediata:

- a. Elabore e poña en marcha un plan integral do terceiro sector do deporte, deseñado coa participación do propio sector do deporte e que entre outras medidas, recolla un tratamento singular para as entidades deportivas non lucrativas, tanto no ámbito laboral, como tributario e da contratación pública; e revisando tamén a figura do voluntariado deportivo.



■ Grupo Parlamentario

- b. Modifique o Decreto 38/2014, do 20 de marzo que regula o Consello Galego de Acción Voluntaria para que contemple nel unha representación do voluntariado deportivo.”

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Carmen Acuña do Campo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 15/12/2014 16:26:33**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/12/2014 16:26:41**



## (0031382) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 15/12/2014 17:56  
**Nº Rexistro: 31382**  
Data envío: 15/12/2014 17:56:11.741

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguinte **emenda de adición** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Partido Popular, con número de rexistro **30.285 (09/PNP-002187)**, incluída na orde do día do **Pleno**, que se celebrará o 16 de decembro de 2014.

#### Emenda de adición in fine

“ - O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a establecer unha liña de axudas públicas para que os clubes deportivos podan facer efectivo o recoñecemento e cualificación legal que contemplen, no ámbito da laboralidade e da Seguridade Social, as especiais estruturas e funcións do deporte non profesional, especialmente no caso de figuras como adestradores, técnicos, monitores ou similares. “

Compostela, 15 de decembro de 2014.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz  
 Deputado do G.P. da AGE  
 Yolanda Díaz Pérez  
 Portavoz S. do G.P. da AGE.

#### Asinado dixitalmente por:

**Yolanda Díaz Pérez na data 15/12/2014 17:52:53**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/12/2014 17:52:58**



## (0031385) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **30285**, do Grupo Parlamentar Popular de Galiza, sobre o impulso da Xunta de Galiza, ante a Administración competente, dun estudo das vías de recoñecemento e cualificación legal que inclúan, no ámbito laboral e da Seguridade Social, as singulares estruturas e funcións do deporte non profesional, especialmente no caso de figuras como adestradores, técnicos, monitores ou semellantes, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar os vindeiros 16 e 17 de decembro.

#### Emenda de modificación:

Substituir o texto “no ámbito da laboralidade e da Seguridade Social” polo seguinte:

“no ámbito das certificacións de profesionalidade”

#### Emenda de adición:

Engadir un novo apartado co seguinte texto:



"2.- O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a que, nun prazo non superior aos seis meses, se realicen as seguintes actuacións:

- a) Promover a reforma legal para incluír a figura do voluntariado deportivo na Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria.
- b) Determinar os niveis formativos mí nimos que debe cumplir o persoal técnico-docente das diferentes actividades deportivas.
- c) Establecer un plan plurianual coa suficiente dotación orzamentaria para promover e financiar a progresiva profesionalización do persoal técnico-docente das diferentes actividades deportivas organizadas polo tecido asociativo."

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2014

**Asdo.: Tereixa Paz Franco**

Deputada do G.P. do BNG

**Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Tereixa Paz Franco na data 15/12/2014 16:59:05**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 15/12/2014 16:59:13**



### **3.5 09/PNP-002210 (0030375)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Proxecto de lei de reforma da Lei Orgánica sobre protección da seguridade cidadá que se está a tramitar no Congreso dos Deputados



## (0030375) Inicio por reformulación

Grupo Parlamentario

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2014 11:59  
Nº Rexistro: 30375  
Data envío: 20/11/2014 11:59:24.865



Partido dos Socialistas de Galicia

En relación ao escrito de rexistro de saída núm. 13386, o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan a seguinte reformulación á **Proposición non de lei en Pleno polo trámite de urgencia**, sobre a posición do Parlamento de Galicia e a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción que presenta o Proxecto de lei de reforma da Lei Orgánica sobre protección da seguridade cidadá que se está a tramitar no Congreso dos Deputados, doc. núm. 30080 (09/PNP-002175).

### Á Mesa do Parlamento

**O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno polo trámite de urgencia**.

### Xustificación da urgencia

**A urgencia vén dada porque o proxecto de lei está tramitándose diante do Congreso dos Deputados e precisase un posicionamento do Parlamento de Galicia previo á aprobación definitiva deste proxecto de lei.**

### Exposición de motivos

A reforma da Lei Orgánica de Protección da Seguridade Cidadá anunciada polo Goberno de España e xa concretada despois de varios anuncios e amagos ao longo do ultimo ano, coa presentación diante do Congreso dos Deputados do texto articulado, provoca unha preocupación xeneralizada pola grave restrición dos dereitos fundamentais que vai comportar.

Resulta evidente a intención do Goberno de limitar con esta reforma o derecho da cidadanía a expresar a súa protesta e manifestar as súas reivindicacións nun momento de drásticos recortes sociais, recorrendo á instrumentalización do derecho sancionador administrativo para reprimir a exteriorización da protesta social polos recortes en dereitos sociais e laborais.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Trátase dun ataque frontal as liberdades e dereitos fundamentais, a liberdade de expresión, reunión e manifestación, a liberdade de asociación e a liberdade sindical.

O exercicio dos dereitos fundamentais non pode ter máis límites que os estritamente indispensables para facelos compatibles co exercicio doutros dereitos da mesma condición. Este proxecto de lei é a expresión dunha forma de gobernar baseada no autoritarismo e moi afastada dos dereitos de cidadanía.

Non hai ningunha razón obxectiva que faga necesaria a modificación da vixente lei, a menos que non todos haxamos entendido o exercicio da democracia do mesmo xeito, e iso é o que subxace neste proxecto de lei, cun texto profundamente reaccionario que pretende a represión e o silencio da cidadanía.

O Partido Socialista tense posicionado dende o primeiro momento, cando se iniciou a tramitación deste proxecto de lei e mesmo no ano 2013 cando se empezou a falar do mesmo cómo unha posibilidade, totalmente en contra da súa toma en consideración, presentado para elo emenda á totalidade e emendas parciais e afirmendo publicamente e en sede parlamentaria que, cando chegemos de novo ao Goberno de España, si se aproba esta reforma se derrogará.

Neste intre o proxecto de lei está a tramitarse no Congreso dos Deputados e a previsión é que se apruebe probablemente antes de que remate o presente mes de novembro. Por este motivo o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

1. O Parlamento de Galicia rexeita o Proxecto de lei de reforma da Lei Orgánica sobre Protección da Seguridade Cidádá, por vulnerar as liberdades e dereitos fundamentais da cidadanía.
2. O Parlamento de Galicia acorda remitir este rexeitamento ao Goberno galego para trasladar ao Goberno de España.
3. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a encargar un informe xurídico que permita dilucidar si os contidos do proxecto de lei que se está tramitando nas Cortes Xerais de reforma da Lei



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2014 11:59  
**No Rexistro: 30375**  
Data envío: 20/11/2014 11:59:24.865



Grupo Parlamentario

Orgánica sobre a Protección da Seguridade Cidadá pode vulnerar as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia é, de ser o caso, presentar un recurso de inconstitucionalidade.

Pazo do Parlamento, 20 de novembro de 2014

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 20/11/2014 11:53:13**  
**Carmen Gallego Calvar na data 20/11/2014 11:53:24**  
**Juan Carlos González Santín na data 20/11/2014 11:54:26**  
**Pablo García García na data 20/11/2014 11:54:34**  
**María Soledad Soneira Tajes na data 20/11/2014 11:54:41**  
**María Concepción Burgo López na data 20/11/2014 11:54:49**  
**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 20/11/2014 11:54:57**  
**Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/11/2014 11:55:07**  
**Raúl Fernández Fernández na data 20/11/2014 11:55:12**  
**Manuel Vázquez Fernández na data 20/11/2014 11:55:20**  
**Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 20/11/2014 11:55:28**  
**Beatriz Sestayo Doce na data 20/11/2014 11:55:34**  
**José Manuel Gallego Lomba na data 20/11/2014 11:55:40**  
**María del Carmen Acuña do Campo na data 20/11/2014 11:55:46**  
**José Antonio Sánchez Bugallo na data 20/11/2014 11:55:52**  
**José Ramón Val Alonso na data 20/11/2014 11:55:58**  
**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/11/2014 11:56:04**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 20/11/2014 11:59  
**No Rexistro: 30375**  
Data envío: 20/11/2014 11:59:24.865



---

Grupo Parlamentario

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 20/11/2014 11:56:09**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



## (0031380) Emendas dos Grupos Parlamentarios


**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 15/12/2014 17:31  
**No Rexistro: 31380**  
Data envío: 15/12/2014 17:31:12,497

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, a iniciativa do seu deputado **Xabier Ron Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adición** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **número 30375**, incluída na orde do dia do Pleno que se celebrará o día 16 de decembro de 2014, ás 16,30 h.

**Emenda de adición na parte resolutiva. Propoñemos engadir a continuación do actual punto 1 un novo punto co seguinte texto:**

*“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a rexeitar o actual Proxecto da Lei Orgánica sobre Protección da Seguridade Cidadá, por representar unha violación da Declaración dos Dereitos Humanos e das principais normas de protección dos dereitos das persoas migrantes ao dar rango de lei ás denominadas “devolucións en quente”.*

Compostela, 15 de decembro de 2014

Asdo. Xabier Ron Fernández

Deputado do G.P. da AGE

Asdo.: Yolanda Díaz Pérez

Portavoz S. do G.P. da AGE

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 15/12/2014 17:29:47**



**Jose Javier Ron Fernandez na data 15/12/2014 17:29:51**



### **3.6 09/PNP-002216 (0030604)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Tereixa Paz Franco

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Cosme Eladio Pombo Rodríguez

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Defensa en relación coas condicións de uso do campamento militar de Santa Cruz de Parga, no concello de Guitiriz



## (0030604) Entrada da iniciativa



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado **Cosme Pombo Rodríguez** e da deputada **Tereixa Paz Franco**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á instalación de concertinas á beira de estradas públicas, casas e terreos comunais en Guitiriz, por parte do ministerio de defensa.

Segundo informáns das que dispón o Grupo Parlamentar do BNG, veñen de ser instaladas concertinas na delimitación do campamento militar de Santa Cruz Parga; mesmo a carón de estradas, camiños e preto de vivendas, nunha actuación que nós entendemos que resulta desproporcionada, desafortunada e que non responde a criterios obxectivos de seguridade.






**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/11/2014 18:14**  
**No Rexistro: 30604**  
Data envío: 25/11/2014 18:14:31.684



O Grupo Parlamentar do BNG entende que, a instalación destas concertinas no chamado campamento militar de Parga, resulta algo impropio do século XXI en canto que supón un perigo certo e evidente para as persoas e para os animais e fauna salvaxe da zona.





Compre ter presente o feito de que os terreos, que na actualidade están a ser usados como campamento militar, como campo de tiro e máis de manobras, foron cedidos no seu momento pola comunidade de veciños para unha finalidade moi precisa, cal era a instalación dunha escola de enxeñeiros do exercito. Escola de enxeñeiros que nunca foi construída.

Independentemente de que os veciños poidan instar a reversión da súa propiedade en base ao incumprimento do acordado no documento de cesión, o Grupo Parlamentar do BNG entende que a deturpación do uso así como o uso espureo e abusivo da cesión está a provocar problemas de convivencia nos núcleos de poboación próximos que deben ser corrixidos canto antes porque poden dar lugar a problemas para a seguridade, para a vida e para a saúde das persoas e de animais que viven ou transitan polas inmediacións do campamento.

Ata o de agora os veciños de Santa Cruz viñan tendo unha relación de convivencia co propio campamento en tanto que o cerramento perimetral do mesmo consistía nun ribazo de terra e pedra, sen nin tan sequera un valado que impedira o paso e sen que houbera problemas maiores.

As cousas cambian cando o Exército Español nun alarde de prepotencia, propia dunha institución caduca e retrógrada, decide unilateralmente:

Por un lado, intensificar as labores de tiro no recinto, cun aumento de potencia nos explosivos utilizados que provoca graves molestias na saúde dos veciños e veciñas, nas súas propiedades, nos seus animais domésticos e mesmo nos animais salvaxes da zona, co conseguinte aumento do perigo que supón a utilización de morteiros e artillería nunha zona con poboacións moi próximas coma Santa Cruz, Roca ou Soexo.



Por outro lado, instalar un peche perimetral cuns elementos propios máis dun campo de batalla que dunha zona poboada, por moito que delimiten unha instalación que nestes intres ten un uso militar”.

Diante da instalación do aramio de concertina na parroquia de Santa Cruz de Parga, a veciñanza está alarmada e reclama a inmediata retirada das concertinas polo perigo que representa para animais e persoas; reclama ademais que se rebaixe a potencia do tiro que están a empregar por canto que resulta moi prexudicial para a saúde das persoas, para as súas propiedades e para os animais das granxas da zona.

Diante da instalación de concertinas e diante do aumento da potencia das prácticas de tiro no campamento militar de Parga, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en Pleno:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a dirixirse ao Ministerio de Defensa para solicitarlle que negocie cos veciños do campamento militar de Parga as condicións de uso deste campamento para que non prexudiquen o desenvolvemento normal das súas vidas.”

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2014

Asdo.: Cosme Pombo Rodríguez

Tereixa Paz Franco

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG



**Asinado dixitalmente por:**

**Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 25/11/2014 17:58:08**

**María Tereixa Paz Franco na data 25/11/2014 17:58:14**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 25/11/2014 17:58:19**



## (0031381) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), a iniciativa do seu deputado **Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **emendas de adición** á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, con número de rexistro 30.604 (09/PNP-002216), incluída na orde do día do **Pleno**, que se celebrará o 16 de decembro de 2014.

#### **Emendas de adición in fine**

- " - O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir do Ministerio de Defensa a inmediata retirada do arame con coitelas coñecido como "concertinas" do Campamento Militar de Parga no Concello de Guitiriz.
- O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar información sobre calquera cambio de usos previsto ou modificación das instalacións deseñada para o Campamento Militar de Parga."

Compostela, 15 de decembro de 2014

Asdo. Ramón Vázquez Díaz  
 Deputado do G.P. da AGE  
 Yolanda Díaz Pérez  
 Portavoz S. do G.P. da AGE.

#### **Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 15/12/2014 17:34:57**

**Yolanda Díaz Pérez na data 15/12/2014 17:35:04**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/12/2014 17:35  
**No Rexistro: 31381**  
Data envío: 15/12/2014 17:35:49.671



### **3.7 09/PNP-002222 (0030671)**

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - Eva Solla Fernández

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda - Yolanda Díaz Pérez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas rebaixas salariais e en materia laboral que formula o plan de axuste aprobado por Citroën



## (0030671) Entrada da iniciativa


**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
 Data asento: 27/11/2014 13:14  
**Nº Rexistro: 30671**  
Data envío: 27/11/2014 13:14:52,508



### Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, por medio da deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ás rebaixas salariais e en materia laboral que formula o plan de axuste de Citröen.

#### Exposición de motivos

A empresa Citröen vén de aprobar un plan de axuste, coonestado polo sindicato amarelo, que suporá un golpe severo ás condicións de traballo e salariais e cuxo reflexo na vida económica da zona de Vigo será indubidable. A fábrica máis rendible de Europa quere explotar áinda máis a súa plantilla, a cal conta cos salarios máis baixos do grupo empresarial a excepción dos das plantas de Portugal e Eslovaquia. Gañar máis a costa do que sexa, esa é a dinámica infernal do capital, que Citröen apura con este plan de axuste.

As reducións no salario nun 5%, a conxelación salarial ate 2019 coa conseguinte perda de poder adquisitivo, e a redución e supresión de varios complementos ( do 33% na prima de obxectivos, do 10% no de antigüidade e do 50% nos complementos de nocturnidade, terceira quenda e domingos e festivos) son algúns dos elementos centrais da chantaxe lanzada pola multinacional que do contrario deixa no ar o futuro da factoría radicada na cidade olívica. Logo dun rexxitamento xeralizado, a empresa semella renunciar a rebaixa do 5% e o recorte do 50% nas pagas extras, para avanzar a proposta regresiva dunha dupla escala salarial con peores condicións para as novas contratacións.

Plan dracoaniano e contraditorio coa situación de producción e venda de automóbiles, que en Galicia e no Estado acumulan incrementos a orde do 20% aproximadamente. Plan que vai no sentido contrario ás declaracóns do goberno acerca da saída da crise e a entrada na recuperación.



Plan que ignora asinxentes axudas públicas, da Xunta, do goberno e mesmo do concello de Vigo, á multinacional francesa para desenvolver diversos procesos industriais e de investimento, caso dos 40 millóns de euros, 17 dos cales, os abonou a Xunta, para desenvolver o automóbil eléctrico. Nese contexto hai que certificar o Requiescat in pace a fábrica de baterías de litio en Salvaterra. Ou a obrigada pregunta acerca dos investimentos de 1.000 millóns de euros a desenvolver pola multinacional no comezo do mandato Feijóo? A empresa recibiu só no ano 2012, 66,7 millóns de euros en 5 subvencións públicas das diversas administracións públicas.

A importancia do emprego e das súas condicións dos máis de 6.000 traballadores e traballadoras da factoría e a súa formidable creación de riqueza social é maior se cabe dada a situación de desmantelamento industrial que preside o quefacer de Feijóo. Razón suficiente para que o goberno galego faga valer o seu peso e os compromisos acadados coa multinacional para respectar o emprego e os investimentos comprometidos a conta das axudas públicas recibidas.

A Xunta ten que facer valer o interese xeral respeito da chantaxe da dirección da empresa de desmantelar o bifluxo – as dúas liñas de montaxe – para levar parte da produción deslocalizada, nunha aplicación do manual do dumping social, a Marrocos e norte de Portugal. Dumping social por certo que xa denuncian os sindicatos de clase en Francia que practica a empresa na planta de Vigo polas súas baixas condicións laborais comparativas.

En atención ao sinalado, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a intervir, defendendo que non se degraden máis as condicións laborais da plantilla, para que a dirección da empresa Citröen retome as negociacións do plan de axuste.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a realizar un estudo que avalie o impacto en materia de emprego e impacto económico das dinámicas de deslocalización e dumping social que teñen para o secor do automóbil e en particular na área de Vigo.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a esixir o rigoroso cumprimento dos compromisos en materia de investimentos e emprego realizados por Citröen e vencellados as cuantiosas axudas públicas recibidas pola empresa.

En Compostela, 27 de novembro do 2014.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 27/11/2014 13:12:17**



## (0031367) Emendas dos Grupos Parlamentarios

**GRUPO MIXTO**

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/12/2014 12:19  
**No Rexistre: 31367**  
Data envío: 15/12/2014 12:19:52.128

### Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través da súa deputada e vicevoceira, **Consuelo Martínez García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de adicción á Proposición non de lei do G. P. de AGE 30671 (Expte. nº 09/PNP-002222)**, incluída na orde do dia do Pleno, que se celebrará o vindeiro 16 de decembro.

#### **EMENDA DE ADICCIÓN:**

Engádense os seguintes puntos:

- Convocar unha mesa sectorial coa presenza das asociacións patronais do sector, concello de Vigo, sindicatos do sector, Xunta de Galicia e zona franca, co fin de analizar a situación do sector e realizar propostas de futuro baseadas na innovación que eviten a precariedade laboral e a destrucción de emprego
- Instar a PSA Peugeot-Citroën a rectificar as súas políticas laborais, promovendo o diálogo entre a empresa, o sector e a Administración en busca de solucións políticas que melloren a competitividade do sector mantendo os niveis e calidade no emprego.

Pazo do Parlamento a luns, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Consuelo Martínez García  
Deputada e vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

1





**GRUPO MIXTO**


PARLAMENTO DE GALICIA



**Asinado dixitalmente por:**

**María Consuelo Martínez García na data 15/12/2014 12:19:36**

2





## (0031374) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Grupo Parlamentario



### Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas rebaixas salariais e en materia laboral que formula o plan de axuste aprobado por Citroën (09/PNP-002222, doc. núm. 30671)

#### Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo á parte resolutiva da proposición non de lei co seguinte texto:

“- Desenvolver e presentar, antes do inicio do próximo período de sesións, un **Programa específico de apoio ao sector auxiliar da automoción** que contemple:

- a) Favorecer a implantación dun código de boas prácticas no sector, coa inclusión de cláusulas sociais que valoren á **mellora das condicións de traballo** e o **mantemento ou aumento do emprego**, á hora de acceder a axudas públicas de calquera tipo.
- b) Reunir nunha **única plataforma** todos os ámbitos de **axudas públicas ao financiamento** ás empresas galegas do sector auxiliar da automoción, que evite duplicidades e esforzos inútiles ás mesmas.
- c) Unha **estratexia unificada** de pulo da **transferencia da innovación** ao sector auxiliar da automoción, que permita manter os niveis de producción e emprego.
- d) Posta en marcha dunha **estratexia de internacionalización** do sector que permita diversificar os seus clientes foráneos no sector de fabricación de automóbiles, e polo tanto evitar a exclusiva dependencia dun único fabricante.
- e) Posta a disposición das empresas do sector de **chan industrial a prezos competitivos** con mercados directamente competidores co sector, como é o caso de Portugal.”

Pazo do Parlamento, 15 de decembro de 2014

Asdo.: Abel Losada Alvarez  
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: José Luis Méndez Romeu



■ Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/12/2014 16:42:27**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Jose Luis Méndez Romeu na data 15/12/2014 16:42:33**



### **3.8 09/PNP-002231 (0030726)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co remate do saneamento integral da ría de Pontevedra e a depuración dos concellos que verten nela, á vista da intención da Comisión Europea de denunciar a España e a Galicia diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Procedemento de urxencia)



## (0030726) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/11/2014 12:51  
Nº Rexistro: 30726  
Data envío: 28/11/2014 12:51:17.748



Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno para a súa tramitación urgente.**

### Xustificación da urgencia

A urgencia vén motivada polo anuncio de que a Comisión Europea vai denunciar a España e a Galicia ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por non garantir que as augas residuais urbanas sexan tratadas correctamente e polo risco que formula para a saúde pública o tratamiento dado en diversas zonas de Galicia.

### Exposición de motivos

No ano 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas, agás dúas, a de Poio - Sanxenxo (Pontevedra) e a de Ribeira (A Coruña). O PP criticaba en 2009 que, desgraciadamente, Galicia estaba perdendo as oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións. Efectivamente, hoxe existe ese problema.

Xa en abril de 2011 e en outubro de 2013, o Tribunal de Xustiza da UE sancionaba a España polos seus incumplimentos en Galicia.

Hoxe, temos noticia de que a Comisión Europea anuncia que denunciará a España ante o mencionado Tribunal Europeo por non garantir que as augas residuais urbanas sexan tratadas correctamente e polo risco que formula para a saúde pública o tratamiento dado en diversas zonas de Galicia, entre as que se atopa a ría de Pontevedra, en concreto, o eixo **Pontevedra – Marín – Poio - Bueu.**

A propia comisión fai referencia aos informes procedentes das autoridades españolas, que indican que segue a faltar un sistema de tratamiento axeitado neses aglomeracións. Por tal motivo, o comisario de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca, Karmenu Vella, recomenda remitir o asunto ao Tribunal de Xustiza.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/11/2014 12:51  
No Rexistro: 30726  
Data envío: 28/11/2014 12:51:17.748



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

**O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que complete, ante de que remate o ano 2015, o saneamento integral da ría de Pontevedra, aportando inmediatas solucións para a depuración dos concellos que verten á mesma, ante o anuncio de que a Comisión Europea vai denunciar a España e a Galicia ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.**

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**Jose Luis Méndez Romeu na data 28/11/2014 12:43:11**

**Carmen Gallego Calvar na data 28/11/2014 12:43:20**

**Juan Carlos González Santín na data 28/11/2014 12:43:25**

**Pablo García García na data 28/11/2014 12:43:32**

**María Soledad Soneira Tajes na data 28/11/2014 12:43:39**

**María Concepción Burgo López na data 28/11/2014 12:44:48**

**Maria Remedios Quintas Alvarez na data 28/11/2014 12:45:00**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/11/2014 12:45:16**

**Raúl Fernández Fernández na data 28/11/2014 12:45:22**

**Manuel Vázquez Fernández na data 28/11/2014 12:45:31**

**Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 28/11/2014 12:45:39**

**Beatriz Sestayo Doce na data 28/11/2014 12:45:44**

**José Manuel Gallego Lomba na data 28/11/2014 12:45:49**

**María del Carmen Acuña do Campo na data 28/11/2014 12:45:54**

**José Antonio Sánchez Bugallo na data 28/11/2014 12:45:57**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 28/11/2014 12:51  
**No Rexistro: 30726**  
Data envío: 28/11/2014 12:51:17.748



---

Grupo Parlamentario

**José Ramón Val Alonso na data 28/11/2014 12:46:04**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 28/11/2014 12:46:09**

**Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 28/11/2014 12:46:15**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---



## (0031370) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/12/2014 13:31  
**No Rexistro: 31370**  
Data envío: 15/12/2014 13:31:59.609

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia "Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co remate do saneamento integral da ría de Pontevedra e a depuración dos concellos que verten nela, á vista da intención da Comisión Europea de denunciar a España e a Galicia diante do Tribunal de Xustiza da Unión Europea."(30726 (09/PNP-002231)).

### Emenda de Substituição

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Que continúe traballando para completar o saneamento integral da ría de Pontevedra, colaborando cos concellos da zona na procura de solucións á súa depuración.
- 2.- Que solicite dos concellos da ría a máxima implicación no desenvolvemento das súas competencias en materia de saneamento e depuración.
- 3.- Que inste a estes concellos a poñer á súa disposición os terreos necesarios para novas instalacións de depuración. "

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2014

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR  
DE GALICIA  
Rúa do Horneo, 63  
15702 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510  
F. 981 551 422  
SD.PNP@parlamento.galicia.es  
[www.pnpdegalicia.com](http://www.pnpdegalicia.com)




**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 15/12/2014 13:31:34**





## (0031386) Emendas dos Grupos Parlamentarios



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada **Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **30726**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galiza, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar os vindeiros 16 e 17 de decembro.

#### Emenda de adición:

Engadir un novo punto:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a reclamar do Goberno do Estado os recursos económicos necesarios para financiar as actuacións precisas para acadar o saneamento integral da ría de Pontevedra"

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2014

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**  
Portavoz s. do G.P. do BNG

#### **Asinado dixitalmente por:**

**Ana Belén Pontón Mondelo na data 15/12/2014 16:53:47**

